

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa das súas deputadas e deputados **Manuel Lago Peñas, Carmen Santos Queiruga, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Magdalena Barahona Martín, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación activa (EPA), que vén de publicar o Instituto Galego de Estatística (IGE), reflicten unha evolución moi negativa e preocupante sobre o deterioro da calidade no emprego asalariado en Galicia. No cuarto trimestre de 2016 a denominada taxa de temporalidade —que mide cantas persoas teñen un contrato temporal sobre o total das persoas que traballan por conta allea— chegou ata o 26,7%, a cifra máis alta nun cuarto trimestre dende 2008.

O significado desta taxa é que máis de un, de cada catro persoas que traballan coma asalariadas en Galicia, faino baixo a escasa cobertura dun contrato de duración determinada, un contrato temporal nas súas diferentes modalidades.

A temporalidade en terminoloxía oficial, a precariedade en termos de realidade vivida polas persoas que a padecen, aumenta a un ritmo descoñecido dende fai sete anos. A razón é que a maioría do emprego xerado nos últimos anos está

ocupado por persoas con contrato temporal, co enorme risco que isto supón, non só para a vida das persoas, senón tamén para a estabilidade da economía.

Dende que o emprego empezou a medrar, a finais de 2013, o 95% do emprego creado e baixo un contrato temporal: nos tres anos da fase expansiva do ciclo o número de persoas con contratos indefinidos en Galicia aumentou en tan só 2.300, mentres que o emprego temporal fíxoo en 44.600.

É unha situación de precariedade insoportable, cunha taxa que xa chega ao 26,7%, o que supón 2,2 puntos superior a que había en 2013. Se crea emprego sobre a precariedade extrema, construindo un mercado laboral extraordinariamente fráxil ante calquera desaceleración da economía.

Esta situación de insoportable precariedade é aínda máis grave no caso das mulleres, o que reflicte a peor situación das mulleres no mercado de traballo e que se manifesta en peores datos en tódalas variables, dende desemprego a salarios, pasando polo traballo en xornada parcial.

No cuarto trimestre de 2016 a taxa de temporalidade feminina era do 28,4% fronte ao 25% dos homes, 3,4 puntos máis de precariedade que se traslada a peores condicións laborais —salarios incluídos— que sofren as mulleres.

Tamén é moi preocupante que Galicia teña unha taxa de temporalidade superior á media española, porque non existe ningunha razón de especialización produtiva que xustifique que esteamos a cabeza da precariedade, porque de feito Galicia tivo historicamente unha taxa de temporalidade máis baixa que a media. Só nos últimos anos, en especial dende o 2013, a precariedade laboral dos traballadores por conta allea e superior en Galicia.

En concreto, no cuarto trimestre de 2013 a taxa en Galicia é do 22,5% e a media de España do 23,7%, pero agora, no final de 2016 a situación cambiou radicalmente: a taxa de Galicia supera a media do Estado.

Ante este grave deterioro da estabilidade no emprego o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar de xeito urxente unha estratexia a favor da estabilidade no emprego, poñendo fin ao incremento inaceptable do emprego temporal e precario o que implica, entre outras medidas, combater as presuntas prácticas irregulares na utilización de contratos temporais para cubrir empregos estables.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.